

Sumario | nº48 – Xuño 2025

EDIUS **NOVAS**

Estas son as persoas
que integrarán
o novo Comité de Dirección
da EDIUS



OPINIÓN

Tecer redes
entre iguais



EDIUS **NOVAS**

A USC organiza o I Simposio
do Centro de Estudos
Avanzados (*Centre for Advanced
Studies, CAS*) de EUniWell




EDIUS **NOVAS**

O Encontro da Mocidade Investigadora
celebra a súa 12 edición os días
9 e 10 de xullo



EDIUS **NOVAS**

O iLTIUS arranca cunha
convocatoria de vinculación
para persoal investigador



EDIUS **NOVAS**

O investigador do CiQUS
Manuel Souto, Premio
Novo Investigador da Real
Sociedade Española
de Química



EDIUS **NOVAS**

O CiQUS destaca
na presidencia
da emblemática
conferencia
química de
Bürgenstock



EDIUS **NOVAS**

Mar Durán, membro
da Sociedade
de Honra de
Investigación
Científica Sigma Xi



3MT®

17 vídeos concorrerán
na Gran Final
do concurso Teses
en Tres Minutos



Estes son os finalistas
por áreas

EDIUS **NOVAS**

Estas son as persoas que integrarán o novo Comité de Dirección da EDIUS

Xa se coñecen os nomes dos representantes do Comité de Dirección da EDIUS, un proceso que comezou o pasado mes de abril e no que foron elixidos:

- Sete representantes do persoal docente e investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, dous por cada sección, que pertencerán preferentemente a ámbitos de coñecemento e programas de doutoramento diferentes.
- Unha representación do estudantado de doutoramento, cunha distribución en número semellante para cada sección e que pertencerán preferentemente a ámbitos de coñecemento diferentes. A representación do estudantado suporá o 25% do número total dos membros do Comité de Dirección.
- Unha persoa representante do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos da EDIUS.

Despois das votacións, celebradas o pasado 14 de maio, estas son as 37 persoas novas que integrarán o Comité de Dirección da Escola:

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Artes e Humanidades

Nome
FRANCESCO ARESTI - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)
MIGUEL GUI SANTES ALONSO - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)
PAULO LÓPEZ MUÑOZ - NINGUNHA
ENMA RODRIGUEZ MAYAN - NINGUNHA
PAULA GREGORES PEREIRA - NINGUNHA
PRARTHANA GIRI - NINGUNHA
JORGE PARRA FABA - NINGUNHA
ALEXANDRE RAMIR TEXEIRA BONDELAS - NINGUNHA

 [Ir ao sumario](#)

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias e Enxeñarías

Nome

NICOLÁS VILELA PÉREZ - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

SALADINA VILAVERT GONDAR - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

VÍCTOR XESÚS BARREIRO DOMÍNGUEZ - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

JULIA MUÑOZ ACERO - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

OSCAR VICENT GINER RAJALA - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

ABRAHAM TRASHORRAS RIVAS - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

JULIO NÓVOA FERNÁNDEZ - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

SOFIA RENDO GONZALEZ - NINGUNHA

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias da Saúde

Nome

LUCÍA CASANOVA ADÁN - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

ALBA FERNÁNDEZ ESPERÓN - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

NICOLÁS MEJUTO VÁZQUEZ - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

ALBA PAZ CASTRO - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

IRENE VISOS VARELA - NINGUNHA

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias Sociais e Xurídicas

Nome

ELENA MARTINEZ CABRERA - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

FRANCISCO JAVIER PAZ CERVANTES - ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)

CAROLINA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ - NINGUNHA

INÉS MERAYO FERNÁNDEZ - NINGUNHA

MARÍA AGUIÓN LAMAS - NINGUNHA

Nome

DIEGO LÓPEZ SEOANE - NINGUNHA

PABLO GAYO PEREZ - NINGUNHA

DAVID ALVAREZ CANEDA - NINGUNHA

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Artes e Humanidades

Nome

LAURA MARÍA LOJO RODRÍGUEZ

EDUARDO REY TRISTÁN

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias e Enxeñarías

Nome

MIGUEL VÁZQUEZ LÓPEZ

GERARDO PRIETO ESTÉVEZ

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias da Saúde

Nome

JESÚS PINO MÍNGUEZ

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS de Ciencias Sociais e Xurídicas

Nome

MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ CARREIRA

FRANCISCO XAVIER LORES INSUA

Persoal técnico, de xestión e de administración e servizos que desenvolve a súa actividade na EDIUS de Escola de Doutoramento Internacional

Nome

CAROLINA LÓPEZ GÓMEZ

Elección da Dirección

De conformidade cos Estatutos e o Regulamento Electoral Xeral da USC, o Comité de Dirección da EDIUS convoca eleccións á Dirección da Escola de Doutoramento. Poderá presentar candidatura o persoal docente e investigador da EDIUS co título de doutora ou doutor con vinculación permanente á Universidade que reúna a condición de investigadora ou investigador de recoñecido prestixio.

As persoas titulares das subdireccións da Escola serán propostas pola persoa titular da dirección, logo do informe do Comité de Dirección, e nomeados polo reitor ou reitora, de entre o Persoal Docente e Investigador da EDIUS. Os subdirectores/as deberán posuír o título de doutora ou doutor con vinculación permanente á USC.



3MT®

NOVAS



17 vídeos concorrerán na Gran Final do concurso Teses en Tres Minutos

Un total de 29 persoas presentaron o seu vídeo para participar na cuarta edición do concurso Teses en Tres Minutos organizado pola EDIUS

A organización tivo que realizar un primeiro filtrado para desbotar os vídeos que non cumprían coas características do concurso, xa que só podían aceptarse pezas gravadas en formato horizontal nas que tiña que aparecer o doutorando ou doutoranda sen superar os tres minutos de duración. Despois deste primeiro filtrado, realizouse a selección dos vídeos que pasan á Gran Final, que

terá lugar o xoves 5 de xuño na Nave de Vidán de Santiago.

As persoas finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante tanto do xurado coma do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo.

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€. Ademais, os/as doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento un agasallo sorpresa.

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS

Estes son os finalistas por áreas

Nas ligazóns ao final de cada candidato podedes ver o vídeo completo que opta a algún dos premios:

Artes e humanidades:



CAROLINA SOBRADO BERNÁRDEZ

PD en Xeografía e Historia da Arte

Título da tese: *Las intervenciones quirúrgicas craneales de la Prehistoria a la Edad Media: casos de estudio ostearqueológicos para un desarrollo metodológico*

[VER VÍDEO](#)



JULIÁN GARCÍA PETEIRO

PD en Estudos Medievais USC

Título da tese: *Introducción y desarrollo de la Inquisición en los reinos peninsulares durante la Edad Media. 1184-1478*

[VER VÍDEO](#)

Ciencias e enxeñaría:




ABRAHAM TRASHORRAS RIVAS

PD en Investigación en Tecnoloxías da Información

Título da tese: *Plataforma Integral de Rehabilitación Física Baseada en Aprendizaxe Automática e Realidade Virtual*

[VER VÍDEO](#)




ANTÍA FERNÁNDEZ IGLESIAS

PD en Ciencia de Materiais

Título da tese: *Study of smart biomimetic nanosystems and their interaction with three-dimensional cell culture models under fluidic conditions*

[VER VÍDEO](#)



IAGO PADÍN DOMÍNGUEZ

PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Título da tese: *Aplicación de métodos de control estocástico e aprendizaxe automática a problemas do mercado eléctrico*


[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS

Ciencias da saúde:




MARÍA DO CARME PACÍN SALVADOR

PD en Medio Ambiente e Recursos Naturais

Título da tese: *As macroalgas como ferramentas ambientais: da escala rexional ao cambio global*

[VER VÍDEO](#)



JOSÉ IGLESIAS MOURE

PD en Endocrinoloxía

Título da tese: *Cpt1a en tanicitos regula o balance enerxético*

[VER VÍDEO](#)




MIGUEL BOULLÓN CASSAU

PD en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Título da tese: *Desenvolvemento e avaliación de marcadores epixenéticos con aplicacións forenses*

[VER VÍDEO](#)




VICTORIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

PD en Ciencia e Tecnoloxía Química

Título da tese: *Evaluación de microcontaminantes orgánicos en muestras ambientales y alimentarias mediante cromatografía líquida-espectrometría de masas: un análisis espaciotemporal*

[VER VÍDEO](#)



LUCÍA ABOAL CASTRO

PD en I+D de Medicamentos

Título da tese: *Andamiaxes multifásicas modificadas topográficamente para enxeñaría de interfaces tisulares complexas*

[VER VÍDEO](#)



ELIANA TORRES CADAVID

PD en Epidemioloxía e Saúde Pública


Título da tese: *El riesgo de cáncer de pulmón asociado a las ocupaciones laborales*

[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS



GRACIELA GÓMEZ SILVA

PD en Investigación Clínica
en Medicina

Título da tese: *Innovación docente
e novas tecnoloxías para a formación
e asistencia ás emerxencias*

[VER VÍDEO](#)




DINA ILENA BORGES BIENES

PD en Equidad e Innovación
Educativa

Título da tese: *Prácticas de ocio
del estudiantado universitario con
discapacidad*

[VER VÍDEO](#)




JAVIER BOUZAS ARUFE

PD en Economía e Empresa

Título da tese: *O impacto das crises
económica e sanitaria na iniciativa
empresarial galega e o cambio de
paradigma no proceso de internacio-
nalización*

[VER VÍDEO](#)

Ciencias sociais e xurídicas:



BEATRIZ GUTIÉRREZ CANEDA

PD en Comunicación e Información
Contemporánea

Título da tese: *Xornalismo de 'alta
tecnoloxía' no terceiro milenio.
Da realidade virtual á intelixencia
artificial*

[VER VÍDEO](#)




HERNÁN FELIPE CORTEZ LÓPEZ

PD en Dereito

Título da tese: *El potencial del
derecho de contratos para la tutela
de intereses ambientales*

[VER VÍDEO](#)



MARÍA LOURDES VELLÓN NOGUEIRA


PD en Desenvolvemento Psico-
lógico, Aprendizaxe e Saúde

Título da tese: *Diseño de un sistema
de detección temprana de retrasos
neuroevolutivos y trastornos del neu-
rodesarrollo en el ámbito escolar*

[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

O Encontro da Mocidade Investigadora celebra a súa 12 edición os días 9 e 10 de xullo



A Universidade de Santiago de Compostela (USC) acollerá o XII Encontro da Mocidade Investigadora (XII EMI) os días **9 e 10 de xullo na Facultade de Económicas e Empresariais** do campus de Santiago. Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento.

O XII EMI está organizado por investigadores e investigadoras procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, e estará aberto a todo o estudiantado de doutoramento das tres universidades galegas. Polo tanto, o único requisito para participar neste encontro será ter formalizada a matrícula en calquera programa de doutoramento dalgunha das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG). As persoas participantes terán a oportunidade de asistir e facer as súas contribucións a este evento, que durante dous días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

Nesta 12 edición, o comité organizador pon especial relevancia no uso da lingua galega na ciencia e busca unha maior cooperación implicación de persoal das tres universidades galegas así como da presenza de máis xente do campus de Lugo.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que sen dúbida constituirá unha experiencia enriquecedora para todas aquelas persoas que se animen a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación (Artes e humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura).

O XII EMI ofrece unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións propias coas demais compañeiras predoutorais, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento.

Outra información de interese

Período de inscrición: Do 6 ao 16 de xuño.

Contacto: xii.encontro.mocidade.investigadora@usc.gal



Alba Paz Castro

Membro do Comité
Organizador do XII
EMI

***«Este encontro
é unha excelente
maneira de dar
visibilidade ao
teu traballo,
ampliar contactos
e participar
activamente na
vida científica
galega»***

OPINIÓN

Tecer redes entre iguais

O XII Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) é unha gran oportunidade para que as persoas investigadoras predoutorais galegas compartan o seu traballo nun ambiente aberto, accesible e pensado especialmente para a xente nova na ciencia.

Este congreso é totalmente gratuíto, sen custos de inscrición, o que facilita que tanto os que forman parte de grupos de investigación consolidados como aqueles que están en equipos máis pequenos poidan participar. Esta accesibilidade converte o EMI nunha opción moi valiosa en comparación con outros congresos que teñen taxas elevadas.

O EMI fomenta o intercambio e a colaboración entre as tres universidades galegas, creando un espazo común interdisciplinar onde se poden coñecer diferentes liñas de investigación, presentar avances, recibir comentarios útiles e mellorar as habilidades de comunicación científica.

Haberá presentacións orais, pósters, obradoiros e espazos para o debate nun ambiente distendido e colaborativo. Non é necesario ter resultados finais: o congreso tamén está pensado para compartir ideas, hipóteses ou proxectos que están en marcha.

Se estás a traballar na túa tese ou comezando a túa carreira investigadora, este encontro é unha excelente maneira de dar visibilidade ao teu traballo, ampliar contactos e participar activamente na vida científica galega.

Anímate a enviar o teu resumo e a formar parte do XII EMI. Un congreso creado por e para a mocidade investigadora, sen barreiras económicas e con ganas de tecer redes entre iguais.

EDIUS **NOVAS**

O investigador do CiQUS Manuel Souto, premio Novo Investigador da Real Sociedade Española de Química


O investigador do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da USC Manuel Souto acaba de ser recoñecido co Premio Xoven Investigador na modalidade Líder de Grupo que outorga cada ano a Real Sociedade Española de Química (RSEQ). Con esta concesión, a RSEQ valora a destacada traxectoria profesional de Souto e o seu traballo á fronte de ElectroMolMat, o grupo de investigación que dirixe desde o CiQUS.

"Síntome moi honrado e agradecido á RSEQ por ter recibido este premio", sinala Souto, quen tamén ten palabras de agradecemento cara a todos os membros do seu grupo —"pasados e actuais"— polo seu entusiasmo e dedicación. "Gustaría-

me ter unha mención especial para o CiQUS e o programa Oportunius da Xunta que me permitiron regresar a España para continuar investigando cunhas condicións e unha infraestrutura excelentes."

Souto incorporouse ao CiQUS en 2023 como profesor de investigación Oportunius, procedente do Instituto de Materiais de Aveiro - CICECO (Portugal). A súa investigación céntrase no deseño de materiais moleculares electroactivos, cun enfoque particular na síntese de novos polímeros porosos que teñen aplicacións en electrónica e almacenamento de enerxía. Actualmente conta cunha das prestixiosas axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC, seguindo as súas siglas en inglés) para levar a cabo un proxecto cuxo obxectivo é deseñar unha nova familia de COFs, uns materiais porosos baseados en elementos abundantes con propiedades excepcionais, para o seu uso como electrodos en baterías recargables.

Este recente recoñecemento da RSEQ súmase a outros premios obtidos por Souto, como o de doutoramento NanoMatMol (2017), o extraordinario de doutoramento



(2018) e o Premio Europeo de Teses Doutorais sobre Magnetismo Molecular (2020). Ademais, Souto é membro da Academia Xoven de Europa, unha iniciativa paneuropea que recoñece a científicos e científicas emerxentes e promove o intercambio científico e as achegas á política científica comunitaria.

Desde 2017, son xa cinco os investigadores/as do CiQUS distinguidos co Premio Xoven Investigador da RSEQ: Moisés Gulías, Martín Fañanás, Javier Montenegro, Beatriz Pelaz e, agora, Manuel Souto. O centro conta co recoñecemento CIGUS da Xunta de Galicia, que acredita a calidade e impacto da súa investigación, e está cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

O iLTIUS arranca cunha convocatoria de vinculación para persoal investigador

O recentemente creado Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (iLTIUS) botou a andar coa publicación da primeira convocatoria de vinculación, “cuxa culminación representará o nacemento definitivo do Instituto, que xorde como consecuencia do arraigamento que a tradición lingüístico-literaria posúe na USC”, tal e como avanzou a directora do centro, a profesora de Filoloxía María José Alonso Veloso.

O iLTIUS será o primeiro instituto de investigación de Galicia que aborde de forma concreta o continuo entre a lingua e a literatura, e o examine, ademais, desde a perspectiva sincrónica e diacrónica. A súa posta en marcha satisfai a aspiración dun importante número de grupos de investigación e persoal investigador que souberon ver a oportunidade de crear un organismo supragrupal que garanta a excelencia científica colectiva, propicie novas oportunidades de financiamento, fortaleza unha internacionalización crecente e aumente o impacto dos resultados da actividade investigadora.

Convocatoria de vinculación

As persoas interesadas en vincularse ao iLTIUS dispoñen até o 15 de xuño para formalizar a súa solicitude coa presentación das súas expresións de interese ao enderezo electrónico iltius.direccion@usc.gal. O proceso terá dúas fases, unha primeira para o persoal estable e unha segunda para o resto.

Máis información



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

A USC organiza o I Simposio do Centro de Estudos Avanzados (*Centre for Advanced Studies, CAS*) de EUniWell

A participación neste primeiro simposio é de balde. Para inscribirse cómpre enviar un correo electrónico a euniwell.wp8@usc.gal antes do 20 de xuño de 2025

No marco da *Universidade Europea para o Benestar* (EUniWell), a USC acollerá o primeiro simposio do Centro de Estudos Avanzados (*Centre for Advanced Studies, CAS*) baixo a temática “Innovation on Well-Being for SDGs Achievement”. O evento celebrarase de forma presencial no Campus de Santiago entre os días 24 e 26 de xuño de 2025. Na semana previa están previstos tamén unha serie de encontros en liña orientados á preparación do programa presencial.

O *Centre for Advanced Studies* (CAS) é a principal estrutura de investigación, innovación e transferencia de EUniWell e ten como obxectivo principal facilitar as colaboracións de investigación e innovación entre a comunidade universitaria EUniWell aproveitando a capacidade dos membros da Alianza.

O encontro está dirixido a estudiantado de doutoramento, persoal investigador júnior e sénior, gañadores/as das distintas convocatorias *Seed Funding* de EUniWell e persoal técnico e de xestión. As persoas participantes poderán presentar os seus traballos de investigación e/ou innovación relacionados co benestar, asistir a outras presentacións e participar en debates sobre os avances máis recentes nos seus respectivos campos. O simposio permitirá abordar temas estratéxicos nos distintos ámbitos de interese de EUniWell e impulsar oportunidades de colaboración, co obxectivo final de propoñer novos proxectos de investigación e innovación en torno ao benestar.

O programa está [dispoñible aquí](#)



 Ir ao sumario

EDIUS **NOVAS**

Mar Durán, membro da Sociedade de Honra de Investigación Científica Sigma Xi



Máis información

A profesora de Psicoloxía Social, M. Mar Durán, foi elixida o mes pasado como membro de pleno dereito de Sigma Xi, a Sociedade de Honra de Investigación Científica, “en recoñecemento aos seus logros académicos e contribucións ao avance do coñecemento no seu campo”. Sigma Xi é a Sociedade de Honra de Investigación Científica internacional máis antiga e reúne ao persoal científico e do eido da enxeñaría máis destacado de todo o mundo.

Fundada no ano 1886 en Estados Unidos co obxectivo de fomentar a excelencia na investigación científica, Sigma Xi ten contado entre os seus integrantes con máis de 200 persoas gañadoras do Premio Nobel, incluídos Albert Einstein (1921), Enrico Fermi (1938), Linus Pauling

(Nobel de Química, 1954 e Nobel a Paz, 1962), Francis Crick e James Watson (1962), e Jennifer Doudna (2020). Esta honra outórgase a quen demostrou logros notables en investigación, considerando a súa preparación, a súa traxectoria profesional, a autoría principal dos artigos e a calidade da investigación.

Mar Durán é doutora pola Universidade da Coruña e investigadora na actualidade do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC. Durante os últimos anos dirixiu e liderou as súas propias liñas de investigación que estiveron centradas, fundamentalmente, na análise psicosocial da conduta humana. Actualmente está centrada na contorna do Camiño de Santiago dende unha perspectiva socioambiental.

[Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

O CiQUS destaca na presidencia da emblemática conferencia química de Bürgenstock



O pasado mes de maio tivo lugar en Suíza a Bürgenstock Conference, unha das reunións máis prestixiosas e selectivas do ámbito da Química


A edición deste ano estivo presidida polo investigador do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) da USC e ex director do centro, José Luis Mascareñas, converténdose así no terceiro científico español que asume este cargo nos 60 anos de historia do evento.

O nomeamento de Mascareñas adquire especial relevancia considerando o carácter exclusivo e singular desta conferencia, que reúne anualmente a uns 140 participantes nun entorno illado, co obxectivo de debater investigacións punteiras —en moitos casos aínda non publicadas— no ámbito das ciencias moleculares.

O programa científico, deseñado por Mascareñas, destacou pola súa excelencia e enfoque multidisciplinar. Entre os relatores convidados figuraban Todd Hyster (Princeton), ShuLi You (Shanghái), Claudia Höbartner (Würzburg) e Eva Hevia (Berna), ademais dun sólido grupo de novas e novos investigadores en ascenso.

Ademais do propio Mascareñas, o CiQUS estivo representado na Conferencia polos investigadores Diego Peña -actual director científico do centro- que foi convidado a impartir unha charla sobre nanogrfenos e química en superficies, mentres que Manuel Nappi participou como Junior Scientist Fellow dentro do competitivo programa JSP que este ano financiou a 20 novos investigadores e investigadoras de distintos países. Esta iniciativa é considerada unha das principais plataformas de proxección para a nova xeración da química internacional.

[↩ Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades Xuño 2025

IX Seminario de Doutoramento en Educación. A investigación educativa e a innovación na sociedade dos algoritmos



24 de xuño de 2025

A matrícula deberá formalizarse a través da [seguinte ligazón](#)



Teses

Maio 2025

Desarrollo de Herramientas Bioinformáticas para el Análisis de Datos Genómicos y su Aplicación en Estudios Poblacionales y SARS-CoV-2

XABIER BELLO PADERNE

Director/es: Antonio Salas Ellacuriaga

PD: Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Data: 02/05/2025 - Presencial

Resumo:

Desde el inicio de la pandemia de COVID-19, nuestras investigaciones han avanzado en el análisis del SARS-CoV-2, investigando su origen e identificando a los supercontagadores como motores clave de su propagación. Desarrollamos CovidPhy, herramienta bioinformática para clasificar genomas, detectar variantes de preocupación y eventos de supercontagio. Construimos una filogenia mutacional que reveló patrones de transmisión global y linajes clave. Además, implementamos la datación molecular viral (VMCD), útil para estimar con precisión la circulación del virus y con aplicaciones forenses en el intervalo post-mortem. Estos desarrollos aportan herramientas esenciales para gestionar brotes y prevenir futuras pandemias.

Situación de la hipertensión arterial en España: grado de control, manejo farmacológico e hipotensión y aplicabilidad de las nuevas tecnologías

MIGUEL ÁNGEL PRIETO DÍAZ

Director/es: Álvaro Hermida Ameijeiras, Sergio Cinza Sanjurjo

PD: Investigación Clínica en Medicina

Data: 05/05/2025 - Presencial

Resumo:

Los objetivos principales planteados son analizar el manejo actual y grado de control de presión arterial en pacientes hipertensos en seguimiento en atención primaria en España, describir la prevalencia actual de hipotensión asociada al tratamiento antihipertensivo e investigar el impacto de una aplicación informática sobre el grado de control de los factores de riesgo cardiovascular. Se llevan a cabo 3 estudios que han permitido responder los objetivos principales. Se observa, entre otros resultados, que prácticamente la mitad de los pacientes atendidos en las consultas de atención primaria en España son hipertensos, presentan más factores de riesgo cardiovascular, daño en órganos diana y enfermedad cardiovascular en comparación con los no hipertensos.

Teses defendidas en maio

Influencia del tipo de explotación (ecológica vs. convencional) y nivel de contaminación en el perfil mineral y de ácidos grasos en productos lácteos

EMANUEL FELIPE DE OLIVEIRA FILHO

Director/es: María Marta López Alonso, Marta Inés Miranda Castañón

PD: Medicina e Sanidade Veterinaria

Data: 05/05/2025 - Virtual

Resumo:

Esta tesis doctoral consta de tres capítulos. El objetivo del primer estudio fue proporcionar información sobre los niveles de elementos tóxicos (Cd y Pb) y esenciales (Cu, Fe y Zn) en la leche de vaca producida en el Estado de Pernambuco (Brasil). En los otros dos se determinó la composición de elementos traza y los residuos de metales tóxicos y el perfil de ácidos grasos en quesos gallegos de leche de vaca producidos en diferentes sistemas (ecológico, industrial y artesanal). En el primero, se determinaron catorce elementos (As, Cd, Co, Cr, Cu, Fe, Hg, I, Mn, Mo, Ni, Pb, Se y Zn) en 58 muestras representativas de quesos gallegos mediante espectrometría de masas de plasma acoplado inductivamente (ICP-MS). El otro trabajo evaluó el perfil de ácidos grasos y su relación con los elementos traza y tóxicos en quesos de leche de vaca gallegos en relación con el sistema de producción (ecológico, artesanal crudo e industrial pasteurizado).

Host-based multi-omics for the diagnosis and management of respiratory infections

SANDRA VIZ LASHERAS

Director/es: Antonio Salas Ellacuriaga, Federico Martinon Torres, Alberto Gómez Carballa

PD: Medicina Molecular

Data: 06/05/2025 - Presencial

Resumo:

